

Louzán defende a necesidade dun 'plan renove' para o sector turístico

- A Deputación firma un acordo con Paradores
- Turismo Rías Baixas presentará en Fitur a Ruta dos Castelos e a Ruta dos Xacementos

PONTEVEDRA. O presidente da Deputación, Rafael Louzán, defendeu onte a necesidade dun 'plan renove' para incentivar a renovación e adecuación das infraestruturas turísticas ás necesidades de calidade requiridas polos turistas na actualidade.

Louzán, que acudiu antonte ao Foro de **Exceltur** (a asociación de empresarios turísticos máis relevante de España), destacou que a Deputación de Pontevedra asinará en próximas datas un convenio coa presidenta de Paradores de España, Isabel Borrego, para levar a cabo diversas actuacións nos catro paradores de turismo de Pontevedra e, sinaladamente, no de Baiona.

Segundo Louzán, as expectativas para 2014 son aínda mellores que os datos de atracción turística de España e Galicia como destinos no ano pasado, «pero para iso é preciso que as institucións públicas vaian da man co sector, en perfecta coordinación para mellorar as infraestruturas, en moitos casos obsoletas ou desfasadas, e a competitividade».

A modo de exemplo, sinalou que complexos hoteleiros emblemáticos «como algúns Paradores ou o propio Gran Hotel de La Toja necesitan melloras urxentes que poden ser impulsadas a través dun Plan Renove para o sector», dixo.

Según explicou, o feito de que España desbanque a China do terceiro lugar do ranking mundial de recepción de turistas demostra que o sector é «un pilar básico para a recuperación da economía e para a xeneración de emprego».

Lembrou que España bateu o seu récord de chegada de turistas, cos 60,6 millóns de visitantes habidos no ano 2013, e tamén o récord de ingresos pois, só entre xaneiro e novembro do ano 2013, os ingresos por chegada de turistas acadaron os 55.896 millóns, cifra nunca acadada antes.

EVENTOS. O presidente da Deputación de Pontevedra afirmou tamén que a promoción dunha



Unha das presentacións en Fitur do ano pasado.

determinada zona turística «xa non vai ligada a xeitos clásicos de promoción, como folletos ou publicidade, senón a determinados eventos que se celebren».

Por esta razón, explicou que a institución provincial ten unha planificación de eventos para promocionar as Rías Baixas que van «desde o Congreso Mundial da Camelia, que se celebrará en Pontevedra do 11 ao 15 de marzo, ata o Campionato Mundial de Surf, do 9 ao 13 de abril, pasando polas

dúas etapas da Volta a España que se celebrará en setembro e outros eventos que se están ultimando». De feito, para o Congreso Mundial da Camelia, a Deputación ten contabilizados xa máis de 200 participantes, unha cifra que se incrementará a medida que se achegue a data de celebración.

Na súa comparecencia, Louzán destacou que os xeitos de viaxar «xa non son os mesmos que fai 25 anos». «Hoxe os turistas xa non piden sol e praia senón costa e

ocio, teñen estancias máis curtas, viaxan con programación e reservan a través de móbiles, tabletas similares», afirmou.

TURISMO CULTURAL. A presenza de Rías Baixas en Fitur era unha clara aposta polo turismo cultural, a modalidade que máis gasta e máis ingresos xera ao tratarse dun segmento social de medio ou alto poder adquisitivo.

«Por iso, presentaremos dúas novas rutas e dous novos produtos turísticos que veñen a sumarse e a diversificar a variadísima oferta da provincia: a ruta dos castelos e a dos xacementos, que serán presentadas o venres 24, ás 12 horas, co título Rías Baixas en los albores de la historia en Fitur», dixo.

A Ruta dos Xacementos fai un percorrido polos 16 castros que a Deputación está poñendo en valor, con traballos de limpeza, sinalización e restauración. Pola súa banda, a Ruta dos Castelos inclúe os de Sobroso (Pontearreas), Soutomaior e Salvaterra do Miño, e a reconstrución da fortaleza de Monte Lobeira (entre Vilagarcía e Vilanova de Arousa).

Outras apostas Smart destinos e Madrid Fusion

Outra novidade que Pontevedra levará a Fitur será o proxecto Smart Destinos Intelixentes que, cun investimento de 2,5 millóns, situará á provincia á vangarda dos destinos intelixentes de España. Só outra provincia leva a cabo

unha iniciativa similar. Trátase da creación dunha plataforma, en colaboración cos establecementos hoteleiros da provincia, que posibilita información en tempo real de prezos e un turismo 2.0.

A maiores desta oferta, a provincia de Pontevedra estará en Madrid Fusión do 27 ao 29 de xaneiro. Cada día estará adicado a unha temática diferente, fusionando produtos tradicionais con novas técnicas de cociña que in-

terpretan pratos tan típicos como o cocido, pulpo á feira ou menús elaborados con conservas.

Dentro da nova edición do Gastrofestival Madrid Fusión recoñecidos chefs estranxeiros cocinarán como invitados en restaurantes madrileños na proposta 'Cena con las estrellas'. A iniciativa abre as súas portas mañá venres 24 e permanecerá deleitando a madrileños e visitantes ata o 9 de febreiro.